

# Informe da explotación estatística do Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (ano 2012)

código IGE 25-603

O Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (en adiante RUEPSS) recolle a información referida ás entidades que desenvolven programas ou son titulares ou xestoras de centros ou programas de servizos sociais, nos seguintes ámbitos: maiores, discapacidade, igualdade, infancia, menores, familia, inclusión e servizos comunitarios.

O RUEPSS configúrase, para o público e os profesionais de servizos sociais, como unha ferramenta para o coñecemento público dos servizos sociais, de planificación e de ordeación do Sistema Galego de Servizos Sociais. A súa natureza non é a propia dun rexistro público xa que a inscrición non conta con carácter constitutivo, e nin tan siquera é obrigada para todas as entidades que desenvolvan servizos sociais no ámbito da Comunidade Autónoma.

As entidades inscritas no RUEPSS dispoñen dun acceso ao dito rexistro por medios telemáticos, co fin de que periodicamente actualicen os datos inscritos. Trátase, por tanto, dun instrumento de publicidade e planificación que opera en soporte informático e cuxos datos son xestionados conxuntamente pola administración e as entidades prestadoras de servizos sociais inscritas.

A cidadanía, pola súa banda, poderá acceder para a realización de consultas de carácter informativo sobre a localización e as características dos recursos existentes e para a extracción de listaxes.

Esta aplicación está xestionada pola Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais á que poderá dirixirse mediante o enderezo electrónico: [inspeccion.ssociais@xunta.es](mailto:inspeccion.ssociais@xunta.es)

As persoas interesadas poden consultar a información acerca dos requisitos básicos e os pasos a seguir para prestar servizos sociais en Galicia accedendo á Guía de atención ao cidadán ou ao seguinte enlace habilitado na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar: <http://avepss.traballoebenestar.xunta.es/>

## 1) Procedementos de inscrición:

### a) Inscricións de entidades:


A inscrición no RUEPSS é un procedemento que teñen que solicitar as entidades prestadoras de servizos sociais, públicas ou privadas, con ou sen ánimo de lucro, que sexan titulares de centros, que desenvolvan programas ou realicen actividades propias dos servizos sociais no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

A inscrición no RUEPSS realízase por tempo ilimitado en tanto a entidade manteña as súas actividades.

### a.1) Entidades inscritas no ano 2012:

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	OUTRA	PONTEVEDRA	Total
PRIVADA	26	11	20	9	17	83
PÚBLICA	1					1
SOCIAL	12	2	8	2	21	45
<b>Total</b>	<b>39</b>	<b>13</b>	<b>28</b>	<b>11</b>	<b>38</b>	<b>129</b>


\*A categoría "OUTRA", nesta e nas seguintes táboas, fai referencia a provincias de fóra de Galicia.



### a.2) Entidades inscritas (a día 31.12.2012)

Neste apartado figuran o número total de entidades inscritas no RUEPSS a 31 de decembro de 2012 así coma os datos parciais de inscrición segundo categoría e provincia:

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	OUTRA	PONTEVEDRA	Total
PRIVADA	342	91	133	37	233	836
PÚBLICA	109	70	104	1	65	349
SOCIAL	416	143	245	53	371	1228
<b>Total</b>	<b>867</b>	<b>304</b>	<b>482</b>	<b>91</b>	<b>669</b>	<b>2413</b>



## b) Modificacións de inscrición (628C):

308


Os datos que constan no RUEPSS deben estar actualizados, por iso é necesario revisar e actualizar periódicamente os datos inscritos.

Moitos dos datos poden ser actualizados directamente polas entidades e outros é preciso solicitalos á administración xunto coa documentación que xustifique a modificación dos datos inscritos cando se refiren a:

1. A denominación da entidade e/ou dos centros e programas autorizados dos que a entidade sexa titular.
2. O enderezo social da entidade.
3. O obxecto social da entidade.
4. Os datos identificativos dos/as representante/s legais da entidade e/ou dos/as seus administradores/as.
5. O cambio de titularidade dos centros ou programas que a entidade teña autorizados.
6. O cambio de entidade xestora dos centros ou programas que a entidade titular teña autorizados.

## c) Cancelacións de inscrición (628B):

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	OUTRA	PONTEVEDRA	Total
PRIVADA	132	41	45	9	90	317
SOCIAL	601	274	335	55	558	1823
<b>Total</b>	<b>733</b>	<b>315</b>	<b>380</b>	<b>64</b>	<b>648</b>	<b>2140</b>



A cancelación da inscrición da entidade no RUEPSS producírase no caso de darse algunha das seguintes circunstancias:

- Extinción da personalidade xurídica da entidade
- Disolución da entidade
- Cese das súas actividades na Comunidade Autónoma

Neste senso, no ano 2012 regularizouse o número e calificación das entidades inscritas no RUEPSS mediante a cancelación de oficio de 1555 entidades que non acreditaron actividades durante os anos 2010 e 2011. Ao principio de ano había 4143 entidades inscritas, quedando ao final de ano 2413 entidades.

## 2) Procedementos de autorización de centros e programas:

O réxime de autorización e os procedementos para a súa concesión resultan aplicables a todas as entidades prestadoras de servizos sociais, tanto públicas como privadas. A normativa específica que desenvolva o catálogo de servizos sociais, de acordo co establecido no artigo 18.5 da Lei 13/2008, definirá e regulará os centros, programas e servizos que, por razóns de interese público motivadas na protección das persoas destinatarias e/ou no cumprimento dos obxectivos da política social, deban someterse á autorización administrativa previa da consellería competente en materia de servizos sociais.

En tanto non se desenvolva o antedito catálogo, requirirase a autorización administrativa previa de creación ou construción, modificación substancial, inicio de actividade e cesamento de actividades aos seguintes centros, programas e servizos:

- **centros para persoas maiores:**
  - Centros de día de maiores
  - Centros de día de alzheimer
  - Residencias de maiores
  - Vivendas comunitarias
  - Fogares residenciais
  - Servizo de estadias nocturnas (Disposición transitoria 6 da Orde do 2 de xaneiro de 2012)
- **centros para persoas con discapacidade:**
  - Centro de día
  - centros ocupacionais
  - Residencias
  - pisos/vivendas tuteladas
  - servizo estadias nocturnas (Disposición transitoria 6 da Orde do 2 de xaneiro de 2012)
- **centros de atención á infancia:**
  - Escolas infantís e Puntos de atención á infancia
  - ludotecas
  - Espazos infantís
  - Servizos complementarios de comedor, atención nocturna ou diurna
- **programas e centros de menores:**
  - residencias
  - centros de día
  - pisos tutelados
  - talleres formativos
  - outros programas
- **familia:**
  - puntos de encontro familiar
- **Igualdade:**
  - casas de acollida
- **Inclusión:**
  - centros de inclusión
  - programa de axuda no fogar
  - teleasistencia

## a) Autorizaciones de centros e programas tramitadas durante o ano 2012

Baixo este epígrafe recóllese os datos de centros e programas que se autorizaron (é dicir, que contan co permiso de inicio de actividades) no ano 2012:


### a.1) Autorizaciones de centros

Neste apartado reflíctense os centros autorizados no ano 2012 tendo en conta as seguintes variables:

#### a) Área de actuación, tipoloxía de centro e provincia


	A					
	CORUÑA	LUGO	OURENSE	OUTRA	PONTEVEDRA	Total
<b>DISCAPACIDADE</b>		<b>4</b>	<b>3</b>		<b>7</b>	<b>14</b>
APARTAMENTO TUTELADO		1				1
CENTRO DE DÍA		1	1		3	5
CENTRO OCUPACIONAL		1			2	3
RES. DISCAP. GRAVEMENTE AFECTADOS CON ATENCIÓN DIURNA					1	1
RESIDENCIA DE DISCAPACITADOS ADULTOS			1			1
RESIDENCIA DE DISCAPACITADOS GRAVEMENTE AFECTADOS		1			1	2
VIVENDA/PISO TUTELADO			1			1
<b>FAMILIA</b>	<b>1</b>					<b>1</b>
PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR	1					1
<b>IGUALDADE</b>				<b>1</b>		<b>1</b>
VIVENDA/PISO TUTELADO				1		1
<b>INCLUSION</b>	<b>6</b>					<b>6</b>
CENTRO ACOLLIDA-TRANSICIÓN Á VIDA AUTÓNOMA	4					4
CENTRO DE ATENCIÓN SOCIAL CONTINUADA	1					1
CENTRO DE DÍA	1					1
<b>INFANCIA</b>	<b>25</b>	<b>1</b>	<b>5</b>		<b>5</b>	<b>36</b>
ESCOLA INFANTIL	22	1	2		5	30
ESPAZO INFANTIL	1					1
PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI)	2		3			5
<b>MAIORES</b>	<b>7</b>	<b>7</b>	<b>11</b>		<b>9</b>	<b>34</b>
CENTRO DE DÍA	5	1	7		6	19
CENTRO DE DÍA, ALZHEIMER	1				1	2

MINIRRESIDENCIA	1				1	2
RESIDENCIA				2	1	3
VIVENDA COMUNITARIA		5	2			7
VIVENDA/PISO TUTELADO		1				1
<b>MENORES</b>		<b>1</b>				<b>1</b>
CASA DE FAMILIA		1				1
<b>Total</b>		<b>39</b>	<b>13</b>	<b>19</b>	<b>1</b>	<b>21</b>



## b) Categoría da entidade e provincia

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	OUTRA	PONTEVEDRA	Total
<b>PRIVADA</b>	<b>12</b>	<b>5</b>	<b>5</b>		<b>8</b>	<b>30</b>
DISCAPACIDADE		1				1
INFANCIA	10		1		2	13
MAIORES	2	4	4		6	16
<b>PÚBLICA</b>	<b>18</b>	<b>4</b>	<b>7</b>		<b>6</b>	<b>35</b>
DISCAPACIDADE		1				1
FAMILIA	1					1
INFANCIA	14	1	4		3	22
MAIORES	3	2	3		3	11
<b>SOCIAL</b>	<b>9</b>	<b>4</b>	<b>7</b>	<b>1</b>	<b>7</b>	<b>28</b>
DISCAPACIDADE		2	3		7	12
IGUALDADE				1		1
INCLUSION	6					6
INFANCIA	1					1
MAIORES	2	1	4			7
MENORES		1				1
<b>Total</b>	<b>39</b>	<b>13</b>	<b>19</b>	<b>1</b>	<b>21</b>	<b>93</b>




## a.2) Autorizaciones de programas

Neste apartado reflíctense os programas autorizados no ano 2012 tendo en conta as seguintes variables:

### Categoría da entidade e provincia

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	Total
PRIVADA	11	4	3	3	21
PÚBLICA	4		3	3	10
SOCIAL		1			1
<b>Total</b>	<b>15</b>	<b>5</b>	<b>6</b>	<b>6</b>	<b>32</b>

\*Todos os programas pertencen á área de comunidade.



## b) Centros e programas autorizados (a día 31.12.2012)

A continuación amósanse os datos totais dos centros e programas autorizados no RUEPSS a 31 de decembro de 2012:




## b.1)Centros autorizados

Estas táboas e gráficos recollen o número total de centros autorizados no RUEPSS a 31 de decembro de 2012 segundo as seguintes variables:

### a)Área de actuación, tipoloxía de centro e provincia


	A					Total
	CORUÑA	LUGO	OURENSE	OUTRA	PONTEVEDRA	
<b>COMUNIDADE</b>	<b>23</b>	<b>15</b>	<b>15</b>		<b>25</b>	<b>78</b>
CENTRO SOCIAL	23	15	15		25	78
<b>DISCAPACIDADE</b>	<b>91</b>	<b>33</b>	<b>28</b>		<b>59</b>	<b>211</b>
APARTAMENTO TUTELADO		1				1
CENTRO DE DÍA CENTRO OCUPACIONAL	26	6	5		20	57
RES. DISCAP. ADULTOS CON ATENCIÓN DIURNA RES. DISCAP. GRAVEMENTE AFECTADOS CON ATENCIÓN DIURNA RESIDENCIA DE DISCAPACITADOS ADULTOS RESIDENCIA DE DISCAPACITADOS GRAVEMENTE AFECTADOS VIVENDA/PISO TUTELADO	33	10	7		20	70
<b>FAMILIA</b>	<b>3</b>		<b>1</b>		<b>2</b>	<b>6</b>
PUNTOS DE ENCONTRO FAMILIAR RESIDENCIA IGUALDADE	3		1		1	4
CASA DE ACOLLIDA VIVENDA/PISO TUTELADO				12		12
<b>INCLUSION</b>	<b>23</b>	<b>2</b>	<b>9</b>		<b>21</b>	<b>55</b>
ALBERGUE CENTRO ACOLLIDA BÁSICA CENTRO ACOLLIDA-APOIO SOCIAL A PROCESOS TERAPÉUTICOS	2		1		5	8
	9	2	1		5	17
			4		6	10

CENTRO ACOLLIDA- TRANSICIÓN Á VIDA AUTÓNOMA	4		1		1	6
CENTRO DE ATENCIÓN SOCIAL CONTINUADA	1					1
CENTRO DE DÍA	3				1	4
COMEDOR SOCIAL	4		2		3	9
<b>INFANCIA</b>	<b>244</b>	<b>63</b>	<b>72</b>		<b>188</b>	<b>567</b>
ESCOLA INFANTIL	222	45	48		170	485
ESPAZO INFANTIL	5		1		1	7
LUDOTECA	8		3		12	23
PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI)	9	18	20		5	52
<b>MAIORES</b>	<b>164</b>	<b>93</b>	<b>139</b>		<b>130</b>	<b>526</b>
APARTAMENTO TUTELADO	1	7	3		1	12
CENTRO DE DÍA	60	25	29		52	166
CENTRO DE DÍA, ALZHEIMER	5	3	1		5	14
FOGAR RESIDENCIAL	8	1	12		7	28
FOGARES E CLUBES	15	4	2		3	24
GRAN CENTRO RESIDENCIAL	20	12	11		14	57
MINIRRESIDENCIA	24	6	35		12	77
RESIDENCIA	13	9	11		16	49
VIVENDA COMUNITARIA	18	25	35		20	98
VIVENDA/PISO TUTELADO		1				1
<b>MENORES</b>	<b>20</b>	<b>16</b>	<b>16</b>		<b>34</b>	<b>86</b>
CASA DE FAMILIA	4	4	4		13	25
CASA DE PRIMEIRA ACOLLIDA					1	1
CENTRO CON FOGARES	7	1	2		5	15
CENTRO DE DÍA	3	4	4		8	19
MINIRRESIDENCIA	4	5	2		3	14
RESIDENCIA		1	1		1	3
VIVENDA TRANSICIÓN VIDA AUTÓNOMA			1			1
VIVENDA/PISO TUTELADO	2	1	2		3	8
<b>Total</b>	<b>568</b>	<b>222</b>	<b>280</b>	<b>12</b>	<b>459</b>	<b>1541</b>



## b) Categoría da entidade e provincia

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	OUTRA	PONTEVEDRA	Total
<b>PRIVADA</b>	<b>183</b>	<b>49</b>	<b>80</b>		<b>161</b>	<b>473</b>
DISCAPACIDADE		1			1	2
INFANCIA	106	15	26		77	224
MAIORES	77	33	54		83	247
<b>PÚBLICA</b>	<b>198</b>	<b>99</b>	<b>98</b>	<b>10</b>	<b>145</b>	<b>550</b>
COMUNIDADE	22	15	15		23	75
DISCAPACIDADE	12	2			3	17
FAMILIA	1		1		2	4
IGUALDADE				10		10
INCLUSION			1		2	3
INFANCIA	108	45	40		80	273
MAIORES	50	36	37		28	151
MENORES	5	1	4		7	17
<b>SOCIAL</b>	<b>187</b>	<b>74</b>	<b>102</b>	<b>2</b>	<b>153</b>	<b>518</b>
COMUNIDADE	1				2	3
DISCAPACIDADE	79	30	28		55	192
FAMILIA	2					2
IGUALDADE				2		2
INCLUSION	23	2	8		19	52
INFANCIA	30	3	6		31	70
MAIORES	37	24	48		19	128
MENORES	15	15	12		27	69
<b>Total</b>	<b>568</b>	<b>222</b>	<b>280</b>	<b>12</b>	<b>459</b>	<b>1541</b>




## b.2) Programas autorizados

Neste apartado reflíctese o total de programas autorizados que constan no RUEPSS tendo en conta as seguintes variables:

### Categoría da entidade e provincia

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	Total
<b>PRIVADA</b>	<b>75</b>	<b>34</b>	<b>26</b>	<b>45</b>	<b>180</b>
AXUDA NO FOGAR	74	34	26	45	179
TELEASISTENCIA	1				1
<b>PÚBLICA</b>	<b>91</b>	<b>67</b>	<b>76</b>	<b>61</b>	<b>295</b>
AXUDA NO FOGAR	91	67	76	61	295
<b>SOCIAL</b>	<b>6</b>	<b>3</b>	<b>3</b>	<b>4</b>	<b>16</b>
AXUDA NO FOGAR	5	3	3	4	15
TELEASISTENCIA	1				1
<b>Total</b>	<b>172</b>	<b>104</b>	<b>105</b>	<b>110</b>	<b>491</b>



### c) Cesamento de centros e programas:

As autorizacións de cesamento de actividades garanten que a interrupción ou cese de actividades se leve a cabo respectando os dereitos das persoas usuarias.

Para o cesamento das actividades dun centro ou programa, tanto temporal como definitivo, xa sexa parcial ou total, será preceptiva a obtención da correspondente autorización. Enténdese:


- a. Por cesamento temporal e parcial, a interrupción durante un prazo determinado da prestación dalgún dos servizos nun centro ou programa autorizado.
- b. Por cesamento temporal e total, a interrupción de todas as prestacións durante un período determinado que non respondan a condicións de funcionamento normais e propias da tipoloxía do centro ou programa.
- c. Por cesamento definitivo e parcial, a interrupción dalgún dos servizos de forma permanente mentres continúan prestándose outros.
- d. Por cesamento definitivo e total, a finalización das actividades do centro ou programa autorizado

#### c.1) Cesamento de centros:


Neste apartado reflíctense os centros cesados no ano 2012 tendo en conta as seguintes variables:

##### a) Área de actuación, tipoloxía de centro e provincia

	A				Total
	CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	
<b>INFANCIA</b>	<b>13</b>	<b>1</b>	<b>4</b>	<b>3</b>	<b>21</b>
ESCOLA INFANTIL	9	1		2	12
ESPAZO INFANTIL	1		1	1	3
PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI)	3		3		6
<b>MAIORES</b>	<b>5</b>	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>1</b>	<b>9</b>
CENTRO DE DÍA	2			1	3
FOGAR RESIDENCIAL		1			1
FOGARES E CLUBES			1		1
GRAN CENTRO RESIDENCIAL	1				1
VIVENDA COMUNITARIA	2		1		3
<b>MENORES</b>	<b>2</b>		<b>1</b>	<b>4</b>	<b>7</b>
CASA DE FAMILIA	1			4	5
CENTRO CON FOGARES			1		1
MINIRRESIDENCIA	1				1
<b>Total</b>	<b>20</b>	<b>2</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>37</b>



### b) Categoría da entidade e provincia




### c.2) Cesamento de programas:

Neste apartado reflíctense os programas cesados no ano 2012 tendo en conta as variables de categoría da entidade e provincia:

	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA	Total
PRIVADA	5	8	3	5	21

## Visitas mensuais á web do RUEPSS



\*Non se dispón dos datos de xaneiro 2012

Este gráfico contén información relativa ás visitas mensuais durante o ano 2012 (febreiro-decembro) á web do RUEPSS. O significado das series é o seguinte:

- **Serie sesiones (privado):** número de visitas mensuais de usuarios rexistrados (acceso con usuario e contrasinal)
- **Serie centros (público):** número de visitas mensuais dos usuarios do perfil público ao buscador de CENTROS
- **Serie entidades (público):** número de visitas mensuais dos usuarios do perfil público ao buscador de ENTIDADES
- **Serie programas (público):** número de visitas mensuais dos usuarios do perfil público ao buscador de PROGRAMAS